

2/28 **NOMEAMENTO DE DIRECTOR XERAL DE URBANISMO.-** Examinado o expediente tramitado para os efectos e vista a proposta do vicesecretario accidental, do 6 de febreiro de 2024, conformada pola alcaldesa, na parte expositiva do cal se fai constar:

“Examinado o expediente tramitado para os efectos e vistos:

1. O Decreto 464/2024, do 19 de xaneiro de 2024, polo que se acorda incluír na **ÁREA DE ALCALDÍA E PLANIFICACIÓN DE CIDADE** a figura dun/dunha DIRECTOR/A XERAL DE URBANISMO coas funcións que lle atribúe o artigo 56 do ROMGA en materia de urbanismo, quedando integrados na citada dirección xeral os postos de traballo e as unidades que forman parte dos servizos de Urbanismo, Licenzas, Arquitectura e da oficina de Arqueoloxía.

2. O artigo 130.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, que establece que “O nomeamento dos coordinadores xerais e dos directores xerais, atendendo a criterios de competencia profesional e experiencia deberá efectuarse entre funcionarios de carreira do Estado, das comunidades autónomas, das entidades locais ou con habilitación de carácter estatal que pertencen a corpos ou escalas clasificados no subgrupo A1, salvo que o Regulamento orgánico municipal permita que, en atención ás características específicas das funcións de tales órganos directivos, o seu titular non reúna a dita condición de funcionario”.

3. O artigo 56 do Regulamento orgánico municipal do goberno e administración do Concello de Lugo (ROMGA) que sinala:

“Os directores ou directoras xerais son os/as titulares dos órganos directivos que culminan a organización administrativa, encargados, baixo a dependencia directa dun concelleiro delegado ou dunha concelleira delegada de área, dun delegado ou dunha delegada, ou dun concelleiro-delegado ou dunha concelleira-delegada, da dirección e xestión dun ou varios ámbitos de competencias ou materias funcionalmente homoxéneas integrados dentro dunha área de goberno ou concellería.

Con carácter xeral, correspóndenlles aos directores ou directoras xerais, dentro do seu respectivo ámbito funcional e de responsabilidade, as seguintes funcións:

- a) Propoñer os proxectos da súa dirección xeral para acadar os obxectivos establecidos polo ou pola titular da área de goberno na que se integra, dirixir a súa execución e controlar o seu adecuado cumprimento.
- b) Exercer as competencias que lle sexan desconcentradas ou delegadas.
- c) Propoñerlle, nos restantes supostos, ao titular ou á titular da área de goberno, ou do órgano de que dependa, a resolución que estime procedente en relación cos asuntos que afectan ao órgano ou centro directivo. Nos supostos nos que houbera proposta do xefe ou xefa da unidade administrativa correspondente, abondará con que consigne nota de conformidade ou desconformidade.

ACTAS E GOBERNO

JDR/arm

Refº: ispac7386013141372537182.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 7-2-2024

- d) Impulsar e supervisar as actividades que constitúan parte da xestión ordinaria do órgano directivo.
- e) Velar polo bo funcionamento dos órganos e unidades administrativas e servizos adscritos ao centro directivo.
- f) A elaboración dos anteproxectos de disposición, acordos e convenios respecto das materias comprendidas no seu ámbito de funcións.
- g) Apoiar ao/á titular da área de goberno, ao concelleiro delegado ou concelleira delegada e ao coordinador ou coordinadora xeral, se houbese, na planificación da actividade do seu ámbito de actuación, a través do correspondente asesoramento técnico, así como no control de eficacia e eficiencia, en canto afecte ao ámbito de actuación do centro directivo.
- h) As restantes funcións que, tendo carácter directivo, lle encomenden os órganos superiores.

Tendo en conta que o dito candidato é funcionario de carreira do corpo superior da administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, grupo A1; funcionario de carreira do corpo facultativo superior da Xunta de Galicia, escala de inspección urbanística, especialidade xurídica, grupo A1 e demostrada a ampla experiencia e capacidade profesional posta de manifesto no currículo que a continuación se detalla:

“Formación:

-Licenciado en Dereito. Universidade de Santiago de Compostela

-Curso xeral formativo da Escola de Práctica Xurídica. Universidade de Santiago de Compostela

-“Curso superior teórico-práctico de planeamento, xestión, disciplina urbanística e medio ambiente” impartido pola Escola Galega de Administración Pública

Carreira administrativa:

-Funcionario de carreira do corpo superior da administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia. Grupo A1.

-Funcionario de carreira do corpo facultativo superior da Xunta de Galicia, escala de inspección urbanística. Especialidade xurídica. Grupo A1

- Diploma de directivo da Xunta de Galicia

Posto de traballo actual:

-Inspector urbanístico da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística. Xunta de Galicia.

Postos de traballo desempeñados con anterioridade:

- Xefe de Sección Xurídica e secretaría da Comisión Provincial de Urbanismo da Coruña.

- Xefe da Unidade de Solo no Instituto Galego da Vivenda e Solo

- Xefe de Servizo de Ditames e Informes na Dirección Xeral de Urbanismo

- Subdirector xeral de Disciplina e Informes na Dirección Xeral de Urbanismo

- *Director da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística.*
- *Director de Área de Rexeneración Urbana no Concello da Coruña*
- *Técnico de administración xeral de Urbanismo e Medio Ambiente no Concello de Sada*

Participación en órganos colexiados:

- *Secretario da Comisión Provincial de Urbanismo da Coruña.*
- *Vogal da Comisión Superior de Urbanismo de Galicia.*
- *Membro da Comisión xurídica redactora do anteproxecto de Lei de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.*
- *Membro da Comisión Asesora do Plan especial de protección e reforma interior da Cidade Vella e Peixería do Concello da Coruña.*

Artigos publicados en revistas especializadas:

- *“Medidas de protección e restauración da legalidade urbanística”*
Revista Galega de Administración Pública, núm. 23. Santiago de Compostela. 1999.
- *“O réxime do solo de núcleo rural”*
Revista Galega de Administración Pública, núm. 36. Santiago de Compostela. 2004.
- *“El suelo de núcleo rural en la legislación urbanística gallega”*
Revista de Estudios Locales, núm. 81. Madrid. 2005.
- *“Acerca do réxime transitorio aplicable ás edificacións ilegais existentes no solo rústico de Galicia”*
Revista da Asesoría Xurídica Xeral da Xunta de Galicia, núm. 3. Santiago de Compostela. 2006.
- *“A disciplina urbanística e os deberes dos propietarios do solo”*
Xornadas da Academia Galega de Seguridade Pública, núm. 9. A Estrada. 2007.
- *“La suspensión de la ejecución de sentencias urbanísticas en la nueva Ley de vivienda de Galicia”*
Revista de Derecho Urbanístico y Medio Ambiente, núm. 284. Madrid. 2013.
- *“El suelo rústico en la nueva Ley del suelo de Galicia”*
Revista de Derecho Urbanístico y Medio Ambiente, núm. 308. Madrid. 2016.

Colaboracións en obras colectivas:

- *“El régimen del suelo de núcleo rural”*
Obra colectiva: “Derecho urbanístico de Galicia”, dirixida por Enrique Sánchez Goyanes. Ed. La Ley-Actualidad. Madrid. 2004.
- *“El planeamiento urbanístico”*
Obra colectiva: “Ley 9/2002, de 30 de diciembre, de ordenación urbanística y protección del medio rural de Galicia”, dirixida por Juan Jesús Raposo Arceo. Ed. Civilis Editores. A Coruña. 2004.
- *“El planeamiento urbanístico de Galicia”*
Obra colectiva: “Comentarios a la Ley de Ordenación Urbanística y Protección del Medio Rural de Galicia”, dirixida por José Luis Meilán Gil. Ed. Aranzadi. Pamplona. 2009.

ACTAS E GOBERNO

JDR/arm

Refº: ispac7386013141372537182.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 7-2-2024

Formación impartida:

En cursos e másters impartidos nas facultades de dereito das Universidades da Coruña e de Santiago de Compostela, na Escola Galega de Administración Pública e no Instituto Nacional de Administración Pública.”

Visto que o referido candidato reúne os requisitos para o nomeamento de DIRECTOR XERAL DE URBANISMO.”

Visto o informe favorable do Servizo de Intervención número 2024/99.

A Xunta de Goberno Local, con base na referida proposta e por unanimidade de todos os seus membros presentes, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Nomear a DON HIPÓLITO JOSÉ RAMÓN PÉREZ NOVO director xeral de Urbanismo, e atribuírlle as competencias en materia de urbanismo e coas funcións establecidas no artigo 56 do ROMGA, concretadas no Decreto 464/2024, do 19 de xaneiro de 2024.

SEGUNDO.- Declarar, de oficio, en situación de servizos especiais, polo desempeño dun cargo directivo municipal, a DON HIPÓLITO JOSÉ RAMÓN PÉREZ NOVO -con efectos dende a data de aceptación polo interesado-, de conformidade co establecido nos artigos 167.f da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.

O tempo que permaneza en situación de servizos especiais computaráselle para os efectos de ascensos, trienios e dereitos pasivos, e terá dereito á reserva de posto se concorren as circunstancias do artigo 169 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.

En todo caso, percibirá as retribucións que figuran no anexo de Persoal incluído no orzamento xeral municipal.

TERCEIRO.- Proceder á tramitación legal e regulamentariamente establecida e á súa publicación no BOP.